

**CORRECCIÓN DE ERROS.** Convocatoria da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (*Lectura, Información e Aprendizaxe*), do proxecto "*Radio na biblio*", para a introdución da radio nas bibliotecas escolares dos centros que matriculan alumnado de educación infantil, primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato ou formación profesional integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares, para o curso 2022/2023.

Advertidos erros no **anexo I** onde se indica:

**Data límite de solicitude:** un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no portal educativo.

Cómpre efectuar a **seguinte corrección conforme ao recollido no Apartado 4. Solicitudes e prazos** de dita convocatoria:

*O prazo para a presentación de solicitudes para nova incorporación ou para continuidade, será de quince días a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no portal educativo*